

**IGADIPaper** é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

## ELECCIONES EN VENEZUELA E PARAGUAI

Novos sinais en América Latina

- a) **Introdución**
- b) **Tensión na Venezuela post-Chávez**
- c) **Retorno “colorado” en Paraguai?**
- d) **Reequilibrio ante un novo ciclo electoral**

### a) *Introdución*

As eleccións presidenciais celebradas en Venezuela o pasado 14 de abril e os comicios presidenciais en Paraguai a celebrarse o próximo 21 de abril sinalan unha nova conxuntura política para América do Sur, nun contexto dobremente decisivo en ambos países ante a desaparición física do ex presidente venezolano **Hugo Chávez** (marzo de 2013) e trala deposición en xuño de 2012 do ex mandatario paraguaio **Fernando Lugo**.

A estreita marxe da vitoria electoral de **Nicolás Maduro** en Venezuela (50,75% da votación) e o avance da oposición (48,98%) dan conta dun mapa político sumamente polarizado nese país, cunha tensión política que se intensifica ante o non recoñecemento dos resultados electorais por parte do candidato opositor **Henrique Capriles Radonski**. O desenlace do proceso electoral venezolano non só abrirá un compás de espera na Venezuela post-Chávez senón que influirá na capacidade de Caracas para conservar a súa influencia política rexional traduci-

### b) *Tensión na Venezuela post-Chávez*

A axustada vitoria electoral de Nicolás Maduro (50,75% dos votos) nos comicios presidenciais venezolanos do pasado 14 de abril, os primeiros celebrados sen a presenza do falecido ex presidente Hugo Chávez, devén nun contexto sumamente incerto e inestable para a gobernabilidade dun país con estratéxicos soportes xeopolíticos a nivel hemisférico.

Tras alcanzar unha contestada vitoria electoral inmediatamente non recoñecida polo candidato opositor Henrique Capriles Radonski (48,98% dos votos), Maduro obtivo a peor votación do “chavismo” desde a súa chegada ao poder en 1999. Con todo, a constatación electoral da persistente fragmentación e polarización política en Venezuela definirá retos ineludibles para o “chavismo post-Chávez”, agora na man dun Maduro que deberá igualmente lexitimar a súa autoridade á hora de resolver problemas crónicos que tiveron un importante peso electoral, como son a crise económica (elevada inflación e síntomas de escaseza de produtos básicos) e a preocupante inseguridade cidadá.

Neste sentido, Venezuela pode verse sumida nun

da durante a “era Chávez” na dinamización da ALBA.

Pola súa banda, o Paraguai post-Lugo apunta a un panorama de retorno do *establishment* político previo á chegada ao poder do ex presidente paraguaio destituído en xuño de 2012, vía poder legislativo. Cabe aquí considerar a posibilidade de retorno ao poder do conservador e outrora hexemónico Partido Colorado, desta vez da man do seu candidato **Horacio Cartes**, e da fragmentación da esquerda paraguaia anteriormente unida en torno a Lugo.

Ao mesmo tempo, a evolución deste novo contexto electoral a nivel rexional, tendo en conta a celebración de comicios legislativos na Arxentina (27 de outubro) e das presidenciais de Chile (13 de decembro), debuxa un escenario xeopolítico orientado a un eventual reequilibrio das forzas políticas da rexión, con especial incidencia no marco da integración hemisférica e da eventual moderación do ciclo expansivo de vitorias electorais da esquerda acaecido na pasada década.

ciclo de protestas con notorio carácter violento, tal e como aconteceu horas despois do anuncio dos resultados electorais. Igualmente, e tras perder case 700.000 votos con respecto á vitoria de Chávez nos anteriores comicios presidenciais de outubro pasado, Maduro deberá agora asumir un liderado cunha contestada marxe de lexitimidade e fortes suspicacias sobre a súa capacidade real para gobernar e liderar o “chavismo post-Chávez”. Neste sentido, cómpre salientar as declaracións do presidente da Asemblea Nacional, **Diosdado Cabello**, un importante “peso pesado” dentro do “chavismo”, quen reaccionou criticamente ante estes resultados aducindo a necesidade de iniciar un proceso de “profunda autocrítica” que, notoriamente, semellaban ir dirixidas contra Maduro.

Por tanto, a estabilidade do goberno de Maduro estará fortemente determinada pola eventualidade dunha “tutela” política e institucional por parte da Forza Armada Nacional (FAN), así como pola posibilidade de abrir canais de negociación cunha oposición electoralmente en ascenso e con cada vez maior capacidade

para plantar cara ao “chavismo”. Neste sentido, as eleccións municipais previstas para o próximo 14 de xullo suporán un novo pulso e un ineludible test político que

### c) Retorno “colorado” en Paraguai?

Aínda que con menor impacto político que no caso venezolano, Paraguai apréstase a realizar eleccións presidenciais o próximo 21 de abril nun contexto marcadamente orientado a preservar o *establishment* político tradicional, particularmente trala destitución vía lexislativa do ex presidente Fernando Lugo en xuño de 2012, así como o actual interregno presidencial de **Federico Franco**.

De cara a estes comicios, o favor electoral concéntrase nas mans do empresario Horacio Cartes, candidato da Asociación Nacional Republicana (ANR)-Partido Colorado, formación política de tendencia conservadora que gobernou o país durante máis de seis décadas ata a súa derrota electoral ante a coalición de esquerda de Fernando Lugo nos comicios presidenciais de 2008.

Deste modo, unha eventual vitoria dos “colorados” confirmaría o retorno ao poder de partidos outrora hexemónicos na política latinoamericana baixo liderados de perfil mais tecnócrata, tal e como foi o caso do PRI en México trala súa vitoria electoral en 2012 co actual presidente **Enrique Peña Nieto**. O principal rival electoral de Cartes é o candidato **Efraín Alegre**, do

### d) Reequilibrio ante un novo ciclo electoral

As incertezas postelectorais en Venezuela e o desenlace dos comicios presidenciais paraguaios insírense no marco dunha nova conxuntura electoral para América Latina que pode alterar a correlación de forzas entre os partidos e movementos de esquerda que alcanzaron o poder no ciclo electoral 1999-2012 e as elites conservadoras e reaccionarias, agora amparadas en liderados alternativos.

Se ben a esquerda continental confirmou o seu peso en febreiro pasado coa maioritaria reelección presidencial de Rafael Correa en Ecuador, tendencia que pode completarse ante a posibilidade de retorno ao poder da ex presidenta socialdemócrata **Michelle Bachelet** nos comicios presidenciais chilenos de decembro próximo, outros escenarios electorais suxiren unha fase de ten-

calibrará o liderado de Maduro, así como as renovadas alternativas dunha oposición que tenta restar hexemonía ao “chavismo”.

oficialista Partido Liberal Radical Auténtico (PLRA), precisamente a formación política da que forma parte o actual presidente interino Franco.

Pola súa banda, a esquerda paraguaia que apoiou a Lugo en 2008 acode dividida a estes comicios, coa candidatura de **Aníbal Carrillo** (Fronte Guasú) e da formación independente de esquerdas “Avanza País”, escindida desta formación para promover a candidatura de **Mario Ferreira**. Completa este panorama a proposta do partido *Kuñá Pyrendá*, unha plataforma indixenista liderada pola ex ministra **Lilian Soto** e a dirixente rural **Magui Balbuena**.

A morte en accidente aéreo en febreiro pasado do ex xeneral **Lino Oviedo**, candidato da dereitista Unión Nacional de Cidadáns Éticos (UNACE), completa este escenario electoral e supuxo o peche simbólico dunha tensa etapa da política contemporánea paraguaia. De tendencia nacionalista e conservadora, Oviedo foi comandante do Exército (1993-1999) nun período axitado na política deste país, debendo exiliarse na Arxentina tras ser acusado de presuntamente tramar un golpe de Estado.

sión política que pode alterar o actual *establishment* político continental.

Un caso particular son as eleccións lexislativas da Arxentina en outubro próximo, onde a presidenta **Cristina Fernández de Kirchner** e o “kirchnerismo” pelexan por alcanzar unha maioría parlamentaria que, eventualmente, impulse a eventualidade dunha reforma constitucional que permita a Cristina K volver a presentarse nos comicios presidenciais de 2015. Estas eleccións lexislativas serán indubidablemente un test político estratéxico de cara á próxima cita presidencial.

Con menor peso político, os comicios presidenciais de Honduras de novembro próximo alertan dunha polarizada elección que confronta ao tradicional bipartidismo do Partido Liberal e do Partido Nacional co

retorno dunha opción independente de esquerdas impulsada polo destituído ex presidente **Manuel Zelaya**, esta vez da man da súa esposa **Xiomara Castro de Zelaya**, candidata do Partido Libre.

Cómpre salientar que nos casos venezolano, hondureño e paraguaio, existe certa conxunción de similitudes e intereses, en gran medida determinados pola implicación da diplomacia “bolivariana e socialista” de Chávez, en particular a través da ALBA e do recente ingreso venezolano en MERCOSUR. A presión dos militares hondureños na destitución de Zelaya en 2009 dirimiu a saída do país centroamericano da ALBA e a destitución legislativa de Lugo en Paraguai tivo como marcada referencia o achegamento do ex presidente paraguaio a Chávez, así como os temores das elites paraguayas ante o ingreso venezolano no MERCOSUR.

Precisamente, esta xeopolítica rexional medida a través de conxunturas electorais pode derivar nunha certa moderación do impulso da expansión da ALBA e da diplomacia “revolucionaria” venezolana, agora que o “chavismo post-Chávez” está liderado por unha figura aparentemente máis pragmática como Maduro.

Paralelamente, este reequilibrio rexional alenta a preponderancia de Brasil e da esquerda socialdemócrata liderada polo Partido dos Traballadores (PT), gobernante no país desde 2002, en particular como referencia alternativa ante o modelo “chavista” impulsado no eixe

da ALBA, con epicentro en Venezuela e os seus aliados Cuba, Bolivia, Ecuador, Nicaragua e, de forma tanxencial, Arxentina. Obsérvase por tanto o peso de irradiación desta esquerda “petista” brasileira en escenarios máis periféricos (Uruguai, Perú e incluso Ecuador), asentado no cada vez maior peso económico e político de Brasilia e da súa capacidade de converterse en actor chave na resolución de conflitos (Colombia, Haití) e de transicións reformistas (Cuba).

Deste modo, o novo marco xeopolítico hemisférico estará condicionado pola incerta transición “post-Chávez” en Venezuela, o foco de irradiación da esquerda “petista” brasileira, o dinamismo dos novos marcos de integración (UNASUR, CELAC) e a revitalización e/ou retardamento doutros mecanismos (MERCOSUR, ALBA). Paralelamente, este escenario virá directamente determinado polo novo ciclo electoral latinoamericano, con especial incidencia nun posible retorno das opcións conservadoras e liberais, como reacción ao avance das esquerdas e nivel hemisférico. Un ciclo electoral que se vai desenvolver nun intenso período a curto e medio prazo: eleccións presidenciais en Brasil, Colombia, O Salvador e Uruguai (2014); comicios presidenciais na Arxentina e Bolivia e legislativas en Venezuela (2015); e presidenciais en Perú e Nicaragua (2016). En todos eles, o pulso polo signo final da correlación de tendencias políticas a nivel rexional cobrará un significado estratéxico.

IGADI. 16 de abril de 2013.